



## **RESUMO INFORMATIVO DO PROTOCOLO DE COMEDOR**

### 1. INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é un servizo educativo complementario que ofrece o centro ás familias con carácter opcional e voluntario. Este servizo ten unha dobre función:

- Unha axeitada atención alimentaria e unha formación integral de todos os alumnos/as.
- Conciliar a vida laboral e familiar das familias.

Existe unha normativa que de forma xeral regula todos os servizos complementarios e en concreto o comedor escolar. **Segundo as instrucións do 2016, todos/as os alumnos/as que non vaian facer uso do comedor escolar ,teñen que avisar telefonicamente entre as 9:30 e as 10:00 horas da mañá e serán atendidos pola conxerse.**

**Excepcionalmente, os días de excursións, poden avisar por escrito con días de antelación.**

#### 1.1 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR DE CARÁCTER XERAL

##### 1.1.1 FUNCIONAMENTO, HORARIOS E QUENDAS DE COMEDOR

O servizo de comedor funcionará , con carácter ordinario, dende o primeiro día lectivo do mes de setembro ata o último día lectivo do mes de xuño, conforme o calendario escolar aprobado . O horario en setembro e xuño é de 14:30 ata 15:30 todos os días agás o luns que é de 14:30 ata 16:30, debido a problemas co transporte.

Comprende a comida do mediodía así como os momentos de ocio. A entrada no comedor farase de forma axeitada e sempre acompañados dos coidadores. Os nenos baixan directamente das aulas ó comedor, empezando por educación infantil.

No noso comedor hai dúas salas, unha para os de educación infantil e outra para os de primaria, aínda que os nenos de 5º e 6º están dous en cada mesa para colaborar.(Excepcionalmente os de 4º se se necesitan).



## CEIP SAN VICENZO

Comen todos nunha mesma quenda que dura entre 45 e 60 minutos, posteriormente saen ó patio se non chove, e se chove van ós lugares asignados para cada grupo.

### 1.1.2 O ALUMNADO

- Todos os alumnos limparán as mans antes de entrar a comer.
- Entrarán no comedor en fila e colocaranse sempre no mesmo sitio, salvo cambio autorizado pola encargada.
- Ningún alumno comezará a comer ata que todos están sentados e en silencio.
- Ninguén se levantará da mesa sen autorización da coidadora. Se se teñen que levantar non arrastrarán a cadeira.
- Durante a comida falarán suave, sen gritar, e prestarán atención ás indicacións que lle fagan. O máis negativo no comedor é o ruído.
- Utilizarán axeitadamente os cubertos e a vaixela. Non collerán alimentos coas mans.
- Mastigarán correctamente, coa boca pechada. Evitarán falar coa boca chea.
- Evitarán tirar ó chan cubertos ou restos de comida. Se o fan deben recollelo.
- Respectaran as coidadoras. Pedirán o que necesiten por favor,
- Hai que respectar ós compañeiros. Non se xogará na mesa e non se molestará ós compañeiros.
- Farán saber á monitora correspondente as incidencias que ocorreron na mesa se ela non se dou conta.
- Utilizar correctamente as instalación e os materiais.
- Está prohibido colgarse ou subirse nas canastras, porterías, muros, etc.
- Está prohibido subir ás aulas .
- En caso de non poder comer algún alimento deberán traer un certificado médico que así o manifeste, así como alerxias, etc.



## CEIP SAN VICENZO

- Antes e despois da comida, farán uso dos espazos do centro que sexan asignados para os alumnos/as, pero en ningún caso entrar no resto das dependencias e aulas.
- Non saír do recinto escolar durante o período de comedor.
- O incumprimento reiterado das normas suporá a expulsión temporal ou definitiva do comedor.

### 1.1.3 AS COIDADORAS, HÁBITOS SAUDABLES E DE HIXIENE

Entre as súas funcións está :

Colaborar co neno/a en aquilo que sexa necesario para facilitar a súa alimentación en función da idade ou de circunstancias persoais (pelar froita, partir carne, eliminar espiñas do peixe, etc.), sen que isto perda de vista a necesidade de potenciar a autonomía na súa alimentación.

- Ensinar a desenvolverse con corrección na mesa, manexar debidamente os cubertos e o pano de mesa manter unha postura axeitada.
- Facer fincapé na necesidade de comer todo aquilo que se lle sirve, xa que así conseguirá unha alimentación equilibrada que contribuirá a súa saúde.
- Controlar a utilización dun tempo axeitado para as comidas.
- Prestar especial atención ós nenos que sistematicamente non comen ou comen en exceso e trasladarlllo á encargada para que avise ás familias.
- Resolver no momento os problemas e discusións que xurdan.
- Informar á encargada sobre conductas observadas ós comensais que ó seu xuízo deban corrixirse.
- Chegarán ó centro entre 10 e 5 minutos antes de empezar a tarefa para controlar se hai algunha mesa sen poñer.
- Servizo e atención ás mesas que lles foron asignadas.
- Vixilancia no patio ou cando chove nas estancias establecidas.



CEIP SAN VICENZO

1.1.4 ACTUACIÓNS DO CENTRO ANTE O INCUMPLIMENTO DAS NORMAS

É condición indispensable para facer uso do COMEDOR ESCOLAR que o alumno/a poida acomodarse ó seu funcionamento e non dificulte a marcha do mesmo. Os alumnos comportaranse de forma disciplinada e aplicarase o Regulamento de Réxime Interno. O incumprimento do anterior será motivo de comunicado ós pais e de persistir na mesma actitude sancionárase coa privación temporal ou definitiva do uso do comedor.

Levarase un rexistro escrito de incidencias.

TIPIFICACIÓN DE FALTAS E SANCIÓNS

a) Consideraranse faltas leves :

- A negligencia no trato de material e instalacións que poidan ocasionar sucidade e desperfectos.
- As disputas dentro e fóra do comedor entre compañeiros.
- Faltas contra as normas elementais de educación.
- Falta de hixiene.
- Alborotar ou gritar no período da comida

As sancións por faltas leves consistirán en amoestación oral ou escrita e no seu caso na reparación do material deteriorado. Estas faltas poderán ser sancionadas pola encargada ou a dirección do colexio.

b) Consideraranse faltas graves :

- A reincidencia de catro faltas leves.
- A falta de respecto ao persoal de servizo de vixilancia ou aos mesmos compañeiros.
- Saír do recinto escolar sen permiso.
- O deterioro do persoal de menaxe.



## CEIP SAN VICENZO

- Tirar alimentos no comedor.  
As sancións por faltas graves serán amonestación escrita ou enviada ós pais ou tutores, restitución do material deteriorado ou roto, petición de excusas á persoa ou persoas afectadas, expulsión temporal do comedor escolar.  
Estas faltas serán sancionadas pola dirección do centro ou polo Consello Escolar.

### SEGUIMIENTO E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Se calquer pai/nai considera que o funcionamento ou calidade ou cantidade dos alimentos non son adecuados, deberá manifestar as súas observacións por escrito na Dirección do centro.

Enviárase cada mes o menú ( aprobados en Consello Escolar cada ano e elaborados pola Guía de Menús Saudables da Xunta) para que as familias poidan organizarse e compensar as comidas realizadas no comedor co resto de comidas realizadas no ámbito familiar.

Ter en conta que segundo o Decreto de Comedores, só se contemplan dietas, nas alerxias alimentarias e nas Intolerancias alimenticias.

As familias que queiran falar coa **encargada deben chamar ó colexio.**

Un Saúdo

A Dirección do CEIP. San Vicenzo